



| | |
|------------|------------------------|
| MATERIA | TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA |
| PROFESOR/A | Andrés LAriño |

| CONTIDOS | | |
|--|---|--|
| 1 a A V A L I A C I O N | 1 | Estructuras <ul style="list-style-type: none"> Tipos de cargas, estabilidade. Cálculo de cargas, esforzos e movementos. Montaxe e/ou simulación de estruturas. |
| | 2 | Máquinas térmicas <ul style="list-style-type: none"> Máquina frigorífica, bomba de calor e motores térmicos. Simulación de máquinas térmicas. Cálculos de eficiencia. |
| | 3 | Electrónica dixital <ul style="list-style-type: none"> Electrónica dixital combinacional e secuencial, biestables. Portas e funcións lóxicas. Deseño e simplificación de funcións. Resolución de problemas lóxicos. Montaxe e/ou simulación. |
| 2 a A V A L I A C I O N | 4 | Materiais e fabricación <ul style="list-style-type: none"> Estructura interna dos materiais e a súa relación coas propiedades dos mesmos Ensaio de propiedades e resolución de problemas de ensaios de dureza, tracción e resiliencia.. Propiedades e técnicas de fabricación dos principais materiais de uso técnico. Análise de técnicas de fabricación industrial. |
| | 5 | Pneumática e hidráulica <ul style="list-style-type: none"> Elementos e funcionamento dos circuitos pneumáticos e hidráulicos. Simbología e deseño de circuitos pneumáticos e hidráulicos. Montaxe e simulación de circuitos. Cálculo de magnitudes: forza , presión e caudal. |
| | 6 | Corrente alterna <ul style="list-style-type: none"> Circuitos de corrente alterna: elementos e funcionamento Circuitos monofásicos RLC. Serie e paralelo Triángulo de potencias Cálculo, montaxe e simulación. |
| 3 a A V A L I A C I O N | 7 | Automatización e control <ul style="list-style-type: none"> Tipos de sistemas de control (lazo aberto e lazo pechado) e compoñentes característicos dos sistemas de control. Álgebra de bloques e simplificación. Análise da estabilidade de sistemas de control. Simulación. IA, BD e bases de datos. |
| | 8 | Proxectos de investigación de desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> Xestión de desenvolvemento de proxectos. Técnicas e estratexias de traballo en equipo. Metodoloxía Agile. Difusión e comunicación de documentación técnica. Abordaxe de problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN 1ª aval |
|---|--|
| PROBA ESCRITA: Probas de coñecemento individuais | 76% |
| TABOA DE INDICADORES: Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixital. Traballo no taller. | 24% |
| TOTAL AVALIACIÓN | 100% |
| A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. *(ver observacións) | |
| NOTA MEDIA XUÑO | |
| A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións. No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia. Cálculo da nota final do curso: NOTA FINAL = 34% 1ªaval + 38% 2ªaval + 28% 3ªaval (nota mínima un 4 en cada avaliación) | |
| CRITERIOS DE RECUPERACIÓN | |
| Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. Se o alumnado suspende algunha proba escrita obxectiva terá dereito a unha segunda proba de recuperación antes de finalizar o curso e o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido. O alumnado que non acadase unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba de recuperación extraordinaria, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso. Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación | |

***OBSERVACIÓNS:** En cada avaliación o aprobado obterase cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse calificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

EXAMES: Se un alumno non se presenta a un exame debe dispor de xustificante médico e acordarse coa profesar unha data para a realización da proba.